

No *Diario Oficial de Galicia* do 11 de febreiro de 2020, publicouse a Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXIII edición do Premio Manuel Colmeiro, para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

Finalizado o pasado día 15 de outubro o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede agora o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, de ser o caso, a elaboración da proposta de adxudicación do premio, todo de acordo co disposto pola base novena da convocatoria.

De conformidade coa devandita base e co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. veño en nomear como integrantes do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidente: José Antonio Redondo López

Vogais:

Miguel Anxo Bastos Boubeta

Juan Raposo Arceo

Ana López Guizán

Mónica Siota Álvarez, que actuará tamén como secretaria.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

O Conselleiro de Facenda e Administración Pública



Valeriano Martínez García